

Informe sobre comercio exterior

Datos correspondentes a xaneiro de 2026


Data de publicación: 23/03/2026

Principais resultados

- En xaneiro de 2026, as exportacións galegas superaron os 2 mil millóns de euros, reducindo o seu ritmo de avance a unha taxa do 6,3% interanual, mentres que as importacións acadan os 1,8 mil millóns de euros.
- As exportacións de "Produtos non clasificados" e de "Vehículos automóbiles; tractores" son as que experimentan unha maior perda de dinamismo.
- O peso das exportacións galegas acada o 7,3% do total de exportacións en España, mentres que as importacións supoñen o 5,7% do total.

Evolución do comercio exterior. Taxas de variación interanual

Unidade: porcentaxe



Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria

Principais magnitudes. Xaneiro de 2026. Avance de datos

Galicia

Unidade: *Exportacións, Importacións e Saldo en miles de euros. Variacións e Taxa de cobertura en porcentaxe*

	Exportacións	Variación interanual	Importacións	Variación interanual	Saldo	Taxa de cobertura
Galicia	2.101.098	-6,3	1.887.100	2,5	213.997	111,3
España	28.926.975	-2,9	32.936.959	-8,4	-4.009.985	87,8

Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria


1 Datos por produtos

Exportacións

As exportacións diminúen un 6,3% en taxa interanual no mes de xaneiro de 2026. Os produtos cunha influencia máis negativa nas exportacións foron "Produtos non clasificados" que, cunha taxa de variación do -80,9%, repercuten en -3,4 puntos. Os seguintes produtos cunha repercusión máis negativa foron "Vehículos automóbiles; tractores" (-1,8 puntos) e "Máquinas e aparellos mecánicos" (-1,1 puntos). O produto cunha contribución máis positiva foi "Combustibles, aceites minerais" (3,5 puntos).

Exportacións. Principais contribucións á taxa do total. Xaneiro de 2026

Unidade: *porcentaxe*




Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria

Importacións

En xaneiro de 2026, as importacións aumentan un 2,5% con respecto ao mesmo mes de 2025. Os produtos con maior influencia positiva nas importacións de xaneiro foron “Vehículos automóbiles; tractores” que, cunha taxa de variación do 91,5%, repercuten en 6,2 puntos. A aportación máis negativa á evolución das importacións foi a de “Combustibles, aceites minerais” cunha contribución de -9,9 puntos.

Importacións. Principais contribucións á taxa do total. Xaneiro de 2026

Unidade: porcentaxe



Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria

2 Datos por zonas xeográficas

En xaneiro, as exportacións dirixidas á UE-27 (71,3% do total) presentan unha taxa de variación interanual do -8,6%. Destacan, pola súa maior repercusión no total, a diminución das exportacións a Bélxica, Francia e Italia que restan entre as tres 6,3 puntos á taxa de variación total das exportacións galegas. As importacións procedentes da UE-27, que representan en xaneiro o 40,7% do total, medran un 34,2% respecto a xaneiro de 2025. Destaca, pola súa maior contribución á variación total, o incremento das nosas compras a Francia, Polonia e Italia cunha contribución conxunta de 9,7 puntos.

Nas exportacións ao resto de países, destacamos, pola súa repercusión na variación total, a diminución das dirixidas cara Estados Unidos que restan 1 punto e o incremento das dirixidas a Turquía que aportan 1,2 puntos. No concernente ás importacións, destaca, pola súa repercusión no total, a diminución, con respecto ao mes de xaneiro de 2025, das procedentes de Mexico que restan 5,2 puntos á taxa de variación total das importacións galegas e o crecemento das procedentes de Turquía que aportan 2,4 puntos.

Comercio exterior por orixe/destino xeográfico. Xaneiro 2026. Avance de datos

Zona/país	Exportacións				Importacións			
	Miles de euros	% do total	Variación interanual (%)	Contribución	Miles de euros	% do total	Variación interanual (%)	Contribución
Total	2.101.098	100,0	-6,3	-6,3	1.887.100	100,0	2,5	2,5
EUROPA	1.780.739	84,8	-5,6	-4,7	922.649	48,9	24,2	9,8
UE-27	1.498.491	71,3	-8,6	-6,3	767.778	40,7	34,2	10,6
ZONA EURO	1.279.363	60,9	-10	-6,3	676.499	35,8	27,7	8,0
. Alemaña	132.381	6,3	-10,8	-0,7	67.911	3,6	7,8	0,3
. Bélxica	85.740	4,1	-37,2	-2,3	35.770	1,9	-4,5	-0,1
. Francia	277.622	13,2	-15,1	-2,2	203.026	10,8	177,3	7,0
. Grecia	34.350	1,6	-35,7	-0,9	2.907	0,2	-16,4	0,0
. Irlanda	26.415	1,3	3,7	0,0	4.471	0,2	-81,4	-1,1
. Italia	181.320	8,6	-18	-1,8	75.255	4,0	38,5	1,1
. Países Baixos	112.382	5,3	29,3	1,1	35.084	1,9	-4	-0,1
. Portugal	348.937	16,6	-0,1	0,0	222.188	11,8	6,2	0,7
RESTO UE-27	206.979	9,9	2,8	0,2	88.701	4,7	135,1	2,8
. Suecia	8.084	0,4	-30,4	-0,2	21.816	1,2	233,7	0,8
. Polonia	147.614	7,0	11,4	0,7	41.810	2,2	219,5	1,6
. Romanía	22.275	1,1	-15,5	-0,2	4.148	0,2	-17,5	0,0
RESTO DE EUROPA	282.248	13,4	14,5	1,6	154.871	8,2	-9,1	-0,8
. Reino Unido	93.211	4,4	2,9	0,1	22.544	1,2	17,2	0,2
. Turquía	150.020	7,1	22,9	1,2	104.383	5,5	75,2	2,4
AMERICA	99.758	4,7	-36,4	-2,5	261.843	13,9	-28,5	-5,7
AMERICA DO NORTE	34.358	1,6	-43	-1,2	131.772	7,0	46,1	2,3
. Estados Unidos de América	30.839	1,5	-41,8	-1,0	105.153	5,6	17,8	0,9
AMERICA LATINA	64.919	3,1	-32,5	-1,4	118.651	6,3	-55,9	-8,2
. México	23.427	1,1	-13,7	-0,2	2.231	0,1	-97,7	-5,2
. Arxentina	9.071	0,4	-2,8	0,0	65.960	3,5	-13,8	-0,6
ASIA	82.126	3,9	10,7	0,4	463.292	24,6	-4,9	-1,3
. Oriente medio	37.320	1,8	36,3	0,4	8.563	0,5	-9,9	-0,1
. China	11.896	0,6	-38,9	-0,3	262.148	13,9	-4,5	-0,7
. Indonesia	768	0,0	-28,5	0,0	34.062	1,8	-19	-0,4
. Bangladesh	64	0,0	-89,2	0,0	47.211	2,5	27,6	0,6
. India	3.922	0,2	174,9	0,1	21.103	1,1	35,9	0,3
AFRICA	121.319	5,8	10,3	0,5	229.882	12,2	-1,8	-0,2
. Libia	361	0,0	-52,4	0,0	68.718	3,6	41,6	1,1
. Marrocos	77.286	3,7	33	0,9	99.907	5,3	-12,9	-0,8
. Alxeria	27.167	1,3	7	0,1	9	0,0	0,9	0,0
. Sudáfrica	2.577	0,1	-2,1	0,0	23.465	1,2	-16,8	-0,3

Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria

Nota: Os datos de Reino Unido inclúen os correspondentes a Irlanda do Norte.


3 Información por comunidades autónomas

En xaneiro de 2026, o peso de Galicia no conxunto de España, ascende ao 7,3% no total de exportacións e ao 5,7% no total de importacións.

As exportacións diminúen en 10 comunidades autónomas. As contribucións máis baixas á taxa nacional atopámonas en Cataluña e Andalucía que restan en conxunto 2,5 puntos á taxa de variación das exportacións. No lado contrario, a comunidade cunha maior contribución é Extremadura, cunha aportación 0,3 puntos.

Comercio exterior por comunidades autónomas. Exportacións. Principais contribucións á taxa do total. Xaneiro de 2026

Unidade: porcentaxe




Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria

As importacións diminúen en 14 comunidades autónomas. As aportacións máis negativas son as das comunidades de Cataluña e Andalucía que restan en conxunto 3,6 puntos á taxa de variación das importacións. As contribucións máis positivas son as das comunidades de Navarra e Galicia que suman entre as dúas 0,3 puntos.

Comercio exterior por comunidades autónomas. Importacións. Principais contribucións á taxa do total. Xaneiro de 2026

Unidade: porcentaxe



Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria

Nota: Na comparativa por comunidades autónomas non temos en conta os datos de Ceuta e Melilla por presentar unha porcentaxe practicamente nula no total de exportacións e importacións españolas.

4 Notas metodolóxicas

A información do comercio exterior de Galicia provén de rexistros administrativos do “Departamento de Aduanas e Impuestos Especiales” da “Agencia Estatal Tributaria”, que recollen mensualmente as operacións de comercio exterior de bens que se producen en España. Este rexistro administrativo, para o comercio con terceiros países, ten como base a Declaración de despacho en Aduana (DUA ou Documento Único Administrativo). Para o comercio intracomunitario, dende o ano 1993, non existen fronteiras entre os países que integran a Unión Europea nin, polo tanto, formalidades aduaneiras. Polo tanto, en xeral, estableceuse a obriga por parte dos operadores económicos de formalizar a Declaración estatística Intrastat, que recolle as correspondentes operacións intracomunitarias. Esa declaración constitúe a base para a obtención dos datos estatísticos do comercio entre os Estados membros.

Na estatística de comercio exterior e intracomunitario preséntanse os seguintes fluxos:

- Expedicións: comprenden todas aquelas operacións a través das cales un produto con orixe en Galicia é vendido ao resto da UE (excluíndo o resto de España).
- Exportacións: comprenden todas aquelas operacións a través das cales un produto con orixe en Galicia é vendido a países que non forman parte da UE.
- Introducións: comprenden todas aquelas operacións nas que unha mercancía elaborada ou orixinal do resto da UE (excluíndo o resto de España) é comprada para ser consumida ou transformada en Galicia.
- Importacións: comprenden todas aquelas operacións nas que unha mercancía elaborada ou orixinal de países que non forman parte da UE é comprada para ser consumida ou transformada en Galicia.

Para as definicións das áreas utilízase a xeonomenclatura elaborada por Eurostat.

Os datos deste informe proveñen da información subministrada polo “Departamento de Aduanas. Agencia Estatal de Administración Tributaria”. Considéranse os intercambios nos que a orixe ou o destino da mercancía sexa Galicia (nos intercambios onde a provincia de orixe/destino teña información non válida utilízase a provincia de “domicilio fiscal”).

Para máis información: [nota explicativa comercio exterior](#)

5 Anexo cadros

Comercio exterior por comunidades e cidades autónomas. Xaneiro de 2026. Avance de datos

Comunidade autónoma	Exportacións			Importacións		
	Miles de euros	% do total	Variación interanual (%)	Miles de euros	% do total	Variación interanual (%)
España	28.926.975	100,0	-2,9	32.936.959	100,0	-8,4
Andalucía	3.203.012	11,1	-5,8	2.919.452	8,9	-17,6
Aragón	1.170.582	4,0	1,1	1.024.066	3,1	-20,8
Asturias, Principado de	434.877	1,5	12,6	351.719	1,1	-24,9
Baleares, Illas	127.456	0,4	-30,7	87.140	0,3	2,5
Canarias	239.229	0,8	-10,8	308.036	0,9	-30,5
Cantabria	229.592	0,8	-4,4	186.351	0,6	-2,9
Castela e León	1.553.884	5,4	1,6	1.170.329	3,6	-9,8
Castela-A Mancha	842.640	2,9	-5,5	1.336.489	4,1	-4,9
Cataluña	7.401.945	25,6	-6,7	8.722.381	26,5	-7,1
Comunidade Valenciana	3.051.452	10,5	-1,4	2.924.705	8,9	-5,6
Extremadura	335.446	1,2	38,0	170.057	0,5	-7,6
Galicia	2.101.098	7,3	-6,3	1.887.100	5,7	2,5
Madrid, Comunidade de	4.061.445	14,0	1,6	8.084.208	24,5	-4,1
Murcia, Rexión de	1.135.774	3,9	6,6	1.080.897	3,3	-27,2
Navarra, Comunidade Foral de	707.362	2,4	3,0	477.250	1,4	12,9
País Vasco	2.162.298	7,5	-4,5	2.049.129	6,2	-6,1
Rioxa, A	163.868	0,6	-13,8	129.718	0,4	-19,7
Ceuta	3.076	0,0	-23,2	25.087	0,1	-44,1
Melilla	1.843	0,0	535,0	2.842	0,0	-26,0
Sen determinar	96	0,0	0,5	4	0,0	-42,5

Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria

Comercio exterior por orixe/destino xeográfico. Xaneiro de 2026. Avance de datos

Zona/país	Exportacións			Importacións		
	Miles de euros	% do total	Variación interanual (%)	Miles de euros	% do total	Variación interanual (%)
Total	2.101.098	100,0	-6,3	1.887.100	100,0	2,5
EUROPA	1.780.739	84,8	-5,6	922.649	48,9	24,2
UE-27	1.498.491	71,3	-8,6	767.778	40,7	34,2
ZONA EURO	1.279.363	60,9	-10	676.499	35,8	27,7
. Alemaña	132.381	6,3	-10,8	67.911	3,6	7,8
. Austria	11.157	0,5	-12	7.202	0,4	-19,1
. Bélxica	85.740	4,1	-37,2	35.770	1,9	-4,5
. Finlandia	8.687	0,4	85,4	4.700	0,2	10,1
. Francia	277.622	13,2	-15,1	203.026	10,8	177,3
. Grecia	34.350	1,6	-35,7	2.907	0,2	-16,4
. Irlanda	26.415	1,3	3,7	4.471	0,2	-81,4
. Italia	181.320	8,6	-18	75.255	4,0	38,5
. Luxemburgo	1.881	0,1	-37,6	510	0,0	-21,5
. Países Baixos	112.382	5,3	29,3	35.084	1,9	-4
. Portugal	348.937	16,6	-0,1	222.188	11,8	6,2
. Chipre	6.629	0,3	11,6	1	0,0	-98
. Eslovaquia	16.242	0,8	46,4	11.935	0,6	56,1
. Eslovenia	5.639	0,3	-1,1	865	0,0	-37,7
. Estonia	2.961	0,1	-25	400	0,0	32,9
. Letonia	2.248	0,1	59,2	163	0,0	-7,9
. Lituania	3.241	0,2	-7,4	1.034	0,1	-32,2
. Malta	3.454	0,2	7,6	22	0,0	61,7
. Croacia	11.610	0,6	-3,3	1.341	0,1	2,7
. Bulgaria	6.465	0,3	13,5	1.713	0,1	-22,2
RESTO UE-27	206.979	9,9	2,8	88.701	4,7	135,1
. Dinamarca	9.932	0,5	24,5	4.694	0,2	-39,2
. Suecia	8.084	0,4	-30,4	21.816	1,2	233,7
. Hungría	8.434	0,4	-8,1	6.328	0,3	391,7
. Polonia	147.614	7,0	11,4	41.810	2,2	219,5
. República Checa	10.640	0,5	-22,4	9.906	0,5	142,8
. Romanía	22.275	1,1	-15,5	4.148	0,2	-17,5
RESTO DE EUROPA	282.248	13,4	14,5	154.871	8,2	-9,1
. Reino Unido	93.211	4,4	2,9	22.544	1,2	17,2
. Turquía	150.020	7,1	22,9	104.383	5,5	75,2
. Rusia	662	0,0	-24,1	13	0,0	-100
AMERICA	99.758	4,7	-36,4	261.843	13,9	-28,5
AMERICA DO NORTE	34.358	1,6	-43	131.772	7,0	46,1
. Estados Unidos de América	30.839	1,5	-41,8	105.153	5,6	17,8
AMERICA LATINA	64.919	3,1	-32,5	118.651	6,3	-55,9
. México	23.427	1,1	-13,7	2.231	0,1	-97,7
. Arxentina	9.071	0,4	-2,8	65.960	3,5	-13,8
. Ecuador	3.109	0,1	-57	17.899	0,9	-54
. Chile	2.778	0,1	-87,9	9.329	0,5	-60,9
. Brasil	6.875	0,3	22,1	3.892	0,2	-29,4
ASIA	82.126	3,9	10,7	463.292	24,6	-4,9
. Oriente medio	37.320	1,8	36,3	8.563	0,5	-9,9
. China	11.896	0,6	-38,9	262.148	13,9	-4,5
. Indonesia	768	0,0	-28,5	34.062	1,8	-19
. Bangladesh	64	0,0	-89,2	47.211	2,5	27,6
. India	3.922	0,2	174,9	21.103	1,1	35,9
. Corea do Sur	5.724	0,3	22,7	15.245	0,8	12,7
AFRICA	121.319	5,8	10,3	229.882	12,2	-1,8
. Libia	361	0,0	-52,4	68.718	3,6	41,6
. Marrocos	77.286	3,7	33	99.907	5,3	-12,9
. Namibia	674	0,0	-63,6	9.057	0,5	-37,6
. Alxeria	27.167	1,3	7	9	0,0	0,9
. Sudáfrica	2.577	0,1	-2,1	23.465	1,2	-16,8
OCEANÍA	5.545	0,3	43,3	9.424	0,5	-16,5
OUTROS	11.611	0,6	-0,5	10	0,0	-89,6

Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria

Nota: Os datos de Reino Unido inclúen os correspondentes a Irlanda do Norte. O total da UE-27 é maior que a suma dos EE.MM. porque inclúe entre outras as operacións de "avituallamento intracomunitario". "OUTROS" é principalmente "avituallamento extracomunitario."

Comercio exterior por capítulos e seccións TARIC. Xaneiro de 2026. Avance de datos

Produto	Exportacións				Importacións			
	Miles de euros	% do total	Variación interanual (%)	Contribución	Miles de euros	% do total	Variación interanual (%)	Contribución
00TOTAL	2.101.098	100,0	-6,3	-6,3	1.887.100	100,0	2,5	2,5
I ANIMAIS VIVOS E PRODUTOS DO REINO ANIMAL	188.539	9,0	-5,5	-0,5	226.332	12,0	-18,8	-2,8
02 Carne e despoños comestibles	23.879	1,1	11,9	0,1	7.130	0,4	-8,3	0,0
03 Pescados, crustáceos, moluscos	131.154	6,2	-6,6	-0,4	203.462	10,8	-21,6	-3,0
04 Leite, produtos lácteos, ovos	23.030	1,1	2,2	0,0	10.157	0,5	50,4	0,2
II PRODUTOS DO REINO VEXETAL	24.965	1,2	-7,9	-0,1	65.983	3,5	152,4	2,2
08 Froitas/froitos, sen conservar	4.703	0,2	-2,6	0,0	5.828	0,3	-27,2	-0,1
10 Cereais	177	0,0	3,4	0,0	42.001	2,2	15.788,9	2,3
13 Zumes e extractos vexetais	15.285	0,7	-6,6	0,0	3.108	0,2	-53,6	-0,2
III GRAXAS E ACEITES ANIMAIS OU VEXETAIS; PRO DO SEU DESDOBRAMENTO; GRAXAS ALIMENTICIAS ELABORADAS; CERAS DE ORIXE ANIMAL OU VEXETAL	10.347	0,5	-40,3	-0,3	24.415	1,3	-34,3	-0,7
15 Graxas, aceite animal ou vexetal	10.347	0,5	-40,3	-0,3	24.415	1,3	-34,3	-0,7
IV PRODUTOS DAS INDUSTRIAS ALIMENTICIAS; BEBIDAS, LÍQUIDOS ALCOHÓLICOS E VINAGRE; TABACO E SUCEDÁNEOS DO TABACO ELABORADOS	95.537	4,5	-6,5	-0,3	207.246	11,0	-23,0	-3,4
16 Conservas de carne ou pescado	68.238	3,2	-7,0	-0,2	157.456	8,3	-32,7	-4,2
22 Bebidas todo tipo (agás zumes)	10.759	0,5	-7,9	0,0	1.712	0,1	5,9	0,0
23 Resíduos da industria alimentaria	8.512	0,4	-1,2	0,0	39.104	2,1	46,8	0,7
V PRODUTOS MINERAIS	142.040	6,8	122,0	3,5	162.655	8,6	-49,9	-8,8
25 Sal, xeso, pedras sen traballar	9.517	0,5	5,0	0,0	3.803	0,2	-7,0	0,0
26 Minerais, escouras e cinzas	167	0,0	-46,1	0,0	24.435	1,3	613,7	1,1
27 Combustibles, aceites minerais	132.356	6,3	142,3	3,5	134.418	7,1	-57,6	-9,9
VI PRODUTOS DAS INDUSTRIAS QUÍMICAS OU DAS INDUSTRIAS CONEXAS	103.983	4,9	-12,5	-0,7	46.507	2,5	9,5	0,2
28 Produtos químicos inorgánicos	37.320	1,8	107,9	0,9	5.822	0,3	183,6	0,2
29 Produtos químicos orgánicos	6.608	0,3	253,8	0,2	13.858	0,7	25,9	0,2
30 Produtos farmacéuticos	16.807	0,8	-51,3	-0,8	4.308	0,2	0,8	0,0
38 Outros produtos químicos	11.767	0,6	-61,4	-0,8	14.225	0,8	108,4	0,4
VII MATERIAS PLÁSTICAS E MANUFACTURAS DESTAS MATERIAS; CAUCHO E MANUFACTURAS DE CAUCHO	35.659	1,7	7,9	0,1	53.557	2,8	13,7	0,4
39 Materias plásticas e as súas manufacturas	30.834	1,5	3,7	0,0	40.874	2,2	2,8	0,1
40 Caucho e as súas manufacturas	4.825	0,2	45,6	0,1	12.683	0,7	73,2	0,3
VIII PELES, COIROS, PELETERÍA E MANUFACTURAS DESTAS MATERIAS; ARTIGOS DE GUARNICIONERÍA OU DE TALABARTERÍA, ARTIGOS DE VIAXE, BOLSOS DE MAN E CONTINENTES SEMELLANTES; MANUFACTURAS DE TRIPIA	19.047	0,9	-2,7	0,0	10.082	0,5	32,4	0,1
42 Manufacturas de coiro, marroquinería	16.381	0,8	-2,4	0,0	8.999	0,5	28,0	0,1
IX MADEIRA, CARBÓN VEXETAL E MANUFACTURAS DE MADEIRA; CORTIZA E MANUFACTURAS DE CORTIZA; MANUFACTURAS DE ESPARTERÍA OU CESTERÍA	51.678	2,5	-5,9	-0,1	14.626	0,8	5,8	0,0
44 Madeira e as súas manufacturas	51.109	2,4	-5,9	-0,1	14.281	0,8	4,8	0,0
X PASTAS DE MADEIRA OU DOUTRAS MATERIAS FIBROSAS CELULÓSICAS; REFUGALLO E DESPERDICIOS DE PAPEL E CARTÓN; PAPEL E AS SÚAS APLICACIÓNS	21.287	1,0	-20,8	-0,2	16.532	0,9	-13,6	-0,1
47 Pasta de madeira; papel reciclado	9.445	0,4	-23,6	-0,1	3.053	0,2	11,9	0,0
48 Papel, cartón; as súas manufacturas	11.006	0,5	-19,1	-0,1	13.102	0,7	-18,6	-0,2
XI MATERIAS TÉXTILES E AS SÚAS MANUFACTURAS	470.904	22,4	-2,5	-0,5	318.689	16,9	18,3	2,7
54 Filamentos sintéticos ou artificiais	8.710	0,4	-2,7	0,0	8.039	0,4	-49,0	-0,4
55 Fibras sintéticas, artificiais discontinuas	10.099	0,5	34,1	0,1	13.621	0,7	-29,4	-0,3
61 Prendas de vestir, de punto	192.193	9,1	-6,5	-0,6	104.971	5,6	19,9	0,9
62 Prendas de vestir, non de punto	234.001	11,1	-3,4	-0,4	152.290	8,1	58,8	3,1
63 Artigos téxtiles-fogar	6.768	0,3	-2,6	0,0	6.532	0,3	56,1	0,1
XII CALZADO; SOMBREIRERÍA, PARAUGAS, ANTUCAS, BASTÓNS, LÁTEGOS, FUSTAS E AS SÚAS PARTES; PLUMAS PREPARADAS E ARTIGOS DE PLUMAS; FLORES ARTIFICIAIS; MANUFACTURAS DE CABELLO	35.805	1,7	-5,8	-0,1	17.297	0,9	-12,9	-0,1
64 Calzado e as súas partes	34.597	1,6	-5,3	-0,1	14.288	0,8	-19,2	-0,2
XIII MANUFACTURAS DE PEDRA, XESO, CEMENTO, AMIANTO, MICA OU MATERIAS ANÁLOGAS; XOIERÍA DE FANTASÍA E MOEDAS	25.308	1,2	-23,2	-0,3	12.188	0,6	21,9	0,1
68 Manufacturas de pedra, xeso	18.919	0,9	-26,9	-0,3	2.438	0,1	-43,1	-0,1
70 Vidro e as súas manufacturas	4.097	0,2	-12,2	0,0	8.348	0,4	88,4	0,2
XIV PERLAS FINAS OU CULTIVADAS, PEDRAS PRECIOSAS E SEMIPRECIOSAS OU SEMELLANTES, METAIS PRECIOSOS, CHAPADOS DE METAIS PRECIOSOS E MANUFACTURAS DESTAS MATERIAS; XOIERÍA DE FANTASÍA E MOEDAS	1.898	0,1	-33,0	0,0	3.103	0,2	-14,1	0,0
XV METAIS COMÚNS E MANUFACTURAS DESTES METAIS	134.809	6,4	-0,6	0,0	169.950	9,0	8,2	0,7
72 Fundición, ferro e aceiro	28.398	1,4	7,1	0,1	85.468	4,5	11,8	0,5
73 Manufacturas de fundición, ferro/aceiro	27.446	1,3	0,2	0,0	22.982	1,2	3,0	0,0
76 Aluminio e manufacturas de aluminio	65.098	3,1	2,8	0,1	41.998	2,2	0,3	0,0
XVI MÁQUINAS E APARELLOS, MATERIAL ELÉCTRICO E AS SÚAS PARTES; APARELLOS PARA A GRAVACIÓN OU REPRODUCCIÓN DE IMAXES E SON EN TELEVISIÓN, E AS PARTES E ACCESORIOS DESTES APARELLOS	105.801	5,0	-19,8	-1,2	246.884	13,1	69,8	5,5
84 Máquinas e aparellos mecánicos	64.481	3,1	-27,8	-1,1	154.449	8,2	100,9	4,2
85 Aparellos e material eléctrico	41.320	2,0	-3,1	-0,1	92.436	4,9	34,8	1,3
XVII MATERIAL DE TRANSPORTE	577.932	27,5	-6,3	-1,7	244.700	13,0	91,7	6,4
87 Vehículos automóbiles; tractores	572.834	27,3	-6,6	-1,8	240.844	12,8	91,5	6,2
88 Aeronaves; vehículos espaciais	3.052	0,1	46,0	0,0	3.124	0,2	517,4	0,1
89 Barcos e embarcacións	2.009	0,1	239,5	0,1	494	0,0	-56,3	0,0
XVIII INSTRUMENTOS E APARELLOS DE ÓPTICA, FOTOGRAFÍA OU CINEMATOGRAFÍA, DE MEDIDA, DE CONTROL OU DE PRECISIÓN; INSTRUMENTOS E APARELLOS CIRÚRXCOS; RELOXERÍA; INSTRUMENTOS DE MÚSICA; PARTES E ACCESORIOS DESTES INSTRUMENTOS E APARELLOS	5.958	0,3	-8,5	0,0	18.840	1,0	26,7	0,2
90 Aparellos ópticos, medidas e médicos	3.736	0,2	-23,1	-0,1	18.389	1,0	27,2	0,2
XIX ARMAS E MUNICIÓNS, AS SÚAS PARTES E ACCESORIOS	74	0,0	-0,9	0,0	9	0,0	142,3	0,0
XX MERCADORÍAS E PRODUTOS DIVERSOS	31.598	1,5	-14,7	-0,2	27.449	1,5	7,6	0,1
94 Mobles, cadeiras, lámpadas	25.423	1,2	-20,0	-0,3	23.586	1,2	3,6	0,0
XXI OBXECTOS DE ARTE, DE COLECCIÓN OU DE ANTIGÜIDADE	2	0,0	-93,0	0,0	56	0,0	-90,3	0,0
NC Non clasificados	17.925	0,9	-80,9	-3,4	0	0,0	-100,0	-0,1

Fonte: Elaboración IGE a partir dos ficheiros facilitados polo Departamento de Aduanas da Agencia Estatal de Administración Tributaria